

BASES FESTIVAL DE COMPARSAS GRAN ENTROIDO MECO 2026 AUDITORIO DO GROVE

O Grove. Sábado, 14 de febreiro de 2026

OBXECTO

Primeira. O Concello do Grove convoca este concurso co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e tradicionais do municipio, en especial do Entroido.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da concesión de premios do Festival de Comparsas 2026 que se vai celebrar o sábado 14 de febreiro de 2026 no Auditorio do Grove.

CRÉDITO ORZAMENTARIO

Segunda. Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 6.150,00 € con cargo ao crédito da aplicación 334.48102 do orzamento municipal para 2026.

BENEFICIARIOS

Terceira. Poderán participar no Festival de Comparsas as persoas físicas, asociacións, entidades e persoas xurídicas legalmente constituídas, así como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases e se inscriban para participar no concurso.

Para poder cobrar os premios, as persoas ou agrupación que resulten premiados, deberán estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social e non ter débedas co Concello do Grove, presentando unha declaración responsable e autorización expresa para a consulta directa pola administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na declaración e achegar os correspondentes certificados acreditativos.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo ao representante.

INSCRICIÓN

Cuarta. Todas as comparsas que queiran participar no concurso teñen que inscribirse no Rexistro do Concello do Grove, cubrindo para iso o Anexo I e o Anexo A (Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade) ou o Anexo B (Asociacións legalmente constituídas), que lles serán facilitados alí mesmo ou que poderán descargar desde a páxina Web municipal do Concello ou desde o sitio Facebook 'Entroido do Grove'.

O prazo para a súa presentación será ata o **10 de febreiro de 2026 ás 14.00 h**, no caso de presentación en rexistro presencial, e ás **23.59 h**, en caso de presentación en sede electrónica, dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Quinta. O Festival contará coa participación dun máximo de 10 comparsas. No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse pola súa orde de inscrición e con prioridade para as comparsas do Grove. Dese xeito, a simple inscrición non garante a participación no festival, participación condicionada, pois, á fin do prazo de inscrición e á confirmación definitiva pola organización do evento. A orde de actuación será decidida o día do sorteo da orde de actuación.

COMPOSICIÓN

Sexta. As comparsas teñen que estar formadas, como mínimo, por 15 persoas, e terán un/unha ou varios representantes legais maiores de idade, os/as cales asumen a responsabilidade diante de reclamacións de terceiras persoas que puidesen producirse, tanto polo contido das letras, como pola utilización das músicas ou dos vestiarios.

Os/as integrantes de cada comparsa só poderán participar, única e exclusivamente, nunha comparsa.

O xurado penalizará as comparsas que incumpran estes apartados coa súa descualificación automática.

ACTUACIÓN

Sétima. A orde de actuación será a resultante dun sorteo que se realizará o **11 de febreiro de 2026, ás 20.30 h**, na Casa do Concello, polo que se recomenda a asistencia dun representante de cada comparsa. A sesión será de carácter público.

Oitava. As comparsas teñen a obriga de estar o sábado 14 de febreiro de 2026, coa suficiente antelación, no Auditorio do Grove para participaren no festival no posto que lles fose asignado no sorteo. O festival comezará puntualmente ás 20.00 h.

Novena. Será da conta do Concello a decoración do escenario, a iluminación e o son do Auditorio.

As comparsas deberán respectar a decoración e o equipamento técnico instalados e non poderán alteralos nin manipularlos de ningunha forma.

Terán un máximo de 25 minutos desde que suban ata que baixen do escenario, no que non poderán deixar ningunha das súas pertenzas. O xurado penalizará con un punto cada 5 minutos que se exceda do tempo.

Décima. A entrada e a saída de cada comparsa será ordenada, pola porta lateral do Auditorio, e non poderá acceder ao seu interior ata que lle chegue a vez da súa actuación, segundo a orde establecida previamente, da que deberán estar pendentes cada un dos seus representantes. Mentres tanto, poderán permanecer fóra do recinto. Logo de remataren a súa actuación, os membros das comparsas teñen que saír ordenadamente, como lles encomende a organización, ata a entrada lateral. O xurado penalizará con ata 5 puntos o incumprimento deste punto.

Décimo primeira. De acordo co artigo 18 da Constitución Española e demais lexislación vixente, as comparsas non poderán cantar temas ofensivos que afecten á vida privada das persoas, nin que atenten contra a dignidade persoal, dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Así mesmo, cada comparsa será responsable directa ante as demandas de terceiros.

Décimo segunda. As comparsas non poderán usar na súa actuación elementos pirotécnicos, lume, fume ou calquera outro material que supoña un perigo para a vida e/ou a saúde das persoas. O xurado penalizará as comparsas que incumpran este apartado coa súa eliminación automática.

Décimo terceira. As comparsas non poderán utilizar o Auditorio para deixar pertenzas antes da súa actuación. Así mesmo, unha vez rematada a actuación, as comparsas retirarán do escenario e do Auditorio todas as súas pertenzas. O Concello descontará dos premios os gastos de persoal e transporte que puidesen ocasionar as retiradas non realizadas polas propias comparsas.

Décimo cuarta. As comparsas non poderán utilizar o Auditorio para ensaios nin ningunha outra cousa nos días previos ao concurso nin o mesmo día do festival, para facilitar a montaxe do escenario, decoración, son, iluminación e demais.



O Concello acordará coa empresa técnica a realización das probas de son coas comparsas, que estará suxeita ás indicacións do persoal técnico.

A orde de realización das probas de son será a mesma que a orde de actuación e, en ningún caso, poderá exceder de 15 minutos.

Durante as probas de son unicamente poderán acceder ao auditorio os membros da comparsa que estea facendo a proba, que deberán permanecer no escenario. O acceso á sala e demais dependencias do auditorio unicamente estará permitido ao persoal técnico de son e iluminación e ao persoal de organización do Concello.

Décimo quinta. Co fin de acadar o mellor festival posible no seu conxunto e ofrecer maior vistosidade e axilidade no seu desenvolvemento, evitando demoras ou posibles problemas técnicos que poidan deslucilo, as comparsas comprométese a entregarlles, coa suficiente antelación, (a través dun CD, pendrive ...) aos técnicos de son os arquivos de música que queiran reproducir durante a súa actuación. Os anteditos técnicos aceptarán ou non, segundo o seu criterio, a inclusión da música facilitada polas propias comparsas.

Décimo sexta. Co fin de colaborar co Enterro da Sardiña, anímase ás comparsas a que participen no mesmo.

XURADO

Décimo sétima. O xurado estará dividido en 3 bloques, de 3 membros cada un, que valorarán os seguintes aspectos das actuacións:

- ✓ Canto e música: valorarse a calidade musical e de execución das cancións ademais da interpretación vocal das mesmas.
- ✓ Vestuario e posta en escena: valorarase a realización artesanal do vestuario, a súa orixinalidade e vistosidade, as maquillaxes e complementos, así como a posta en escena e a relación coa temática.
- ✓ Crítica: valorarase a letra, a finura do “aguillón”, a súa capacidade de berrarlle ao Entroido e a valoración humorística, coas mellores formas.

Décimo oitava. Cada membro do xurado votará só o seu bloque de competencia, cunha única cifra de puntuación, que estará comprendido entre o 1 e o número total de comparsas a concurso.

Ao rematar as actuacións, os membros de cada bloque terán que poñerse de acordo para outorgar unha única puntuación (comprendida entre o 1 e o número total de comparsas a concurso) a cada comparsa, consensuada entre os tres e sen repetir ningún valor.

O xurado resérvase o dereito de descualificar, segundo o seu xuízo, a/as comparsa/as que incumpra/n algunha das normas destas bases.

A concelleira de Festexos, ou quen ela determine, fará de secretario/a e só dará apoio e explicación sobre o contido e os criterios destas bases, se for necesario. O/a secretario/a non terá opción de voto.

Rematada a votación, a concelleira de Festexos, ou quen esta determine, diante de todos os membros do xurado, sumará as puntuacións e redactará a acta, que será asinada polos membros do xurado.

En caso de empate entre comparsas, este resolverase a favor da comparsa que teña obtido a maior puntuación en 2 dos 3 bloques.

Décimo novena. O resultado será comunicado ao público asistente.

Despois de que se coñeza o nome da comparsa gañadora, esta recibirá a Bandeira do Entroido 2026.

A comparsa gañadora da Bandeira do Entroido 2026 tamén será coroada co título de Comparsa Campioa do Mundo 2026 e obsequiada co trofeo correspondente, que será propiedade do Concello do Grove, e que esta recibe como depositaria ata o próximo festival de 2027, no que se lle entregará á nova gañadora, e así sucesivamente. Loxicamente, poderán utilizar o cualificativo de 'Comparsa Campioa do Mundo'.



Vixésima. Os membros das comparsas respectarán o labor do xurado, non poderán facerlle entrega de ningún material nin documentos nin entrar en conversas con el.

Acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan. O xurado pode penalizar coa descualificación automática a calquera comparsa se estima que algún dos seus membros falta ao respecto aos membros do xurado ou aos seus contrincantes.

PREMIOS

Vixésimo primeira. Os premios quedan establecidos do xeito seguinte:

Primeiro: 1.200 €, diploma, e bandeira

Segundo: 1.000 € e diploma

Terceiro: 900 € e diploma

Cuarto: 650 € e diploma

Quinto: 550 € e diploma

Sexto: 450 € e diploma

Resto de participantes: accésit de 350 € e diploma

As contías estarán suxeitas á correspondente retención fiscal.

DA ORGANIZACIÓN

Vixésimo segunda. As comparsas terán a obriga de entregarlle 12 exemplares das súas historias ao Concello do Grove, a través da concelleira de Festexos, ou da persoa que ela designe, para lles seren entregadas ao xurado e ao arquivo municipal. A data límite para esta entrega é o **11 de febreiro de 2026**, durante o sorteo da orde de actuación das comparsas. No caso de que non cumpran este apartado, quedarán excluídas do concurso.

Vixésimo terceira. Os premios pagaranse mediante transferencia bancaria e, para o seu cobro, as persoas representantes das comparsas deberán achegar a través do rexistro do Concello do Grove a seguinte documentación:

- Copia do diploma
- Fotocopia dos NIF das persoas que constan no Anexo A entregado coa inscrición (no caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade) ou do CIF da asociación que consta no Anexo B entregado coa inscrición (no caso de asociacións legalmente constituídas).
- Certificación/s bancaria/s, para ingreso, das persoas que constan no Anexo A entregado coa inscrición (no caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade) ou da asociación que consta no Anexo B entregado coa inscrición (no caso de asociacións legalmente constituídas).

Vixésimo cuarta. Os membros das comparsas respectarán e facilitarán, en todo momento, o labor do persoal de organización e persoal técnico designado polo Concello do Grove.

Vixésimo quinta. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado polo Concello, en beneficio do bo funcionamento do concurso. A mera participación no festival leva consigo a aceptación das presentes bases.

Vixésimo sexta. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou Internet, renunciando expresamente as comparsas -coa aceptación destas bases- a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

O Grove, xaneiro de 2026



**ANEXO I. FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DE
COMPARSAS. GRAN ENTROIDO MECO 2026**

D./Dña.: _____ DNI _____

Domicilio : _____

Localidade: _____ CP: _____

En representación de:

☐ Agrupación de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade

☐ Asociación legalmente constituída con nome _____ e CIF _____

Teléfonos de contacto: _____

Correo electrónico: _____

En representación da **comparsa**: _____

Número de compoñentes: homes _____, mulleres _____

Tipo de instrumentos e número: _____

Entreguei as **12 copias obrigatorias** das historias: si non

(Data límite: 11 de febreiro de 2026)

Solicito que a citada comparsa sexa admitida no **Festival de Comparsas do Gran entroido Meco 2026**, que terá lugar o sábado 14 de febreiro de 2026 no Auditorio do Grove a partir das 20.00 h.

E acepto as bases polas que se regula o dito festival.

O Grove, _____ de _____ de 20____

(Sinatura)

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos



- ☐ **Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados no Anexo I e na documentación que o acompaña para a realización de actuacións administrativas .**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello do Grove
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no de exercicio poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados/as do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional Pode consultar toda a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo electrónico: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy>

ANEXO A

AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS SEN PERSONALIDADE

As persoas que asinan abaixo con números de NIF, **DECLARAN:**

1.- Que con data _____ procedeuse á constitución da Comparsa _____ para participar no Festival de Comparsas do Gran Entroido Meco 2026.

Que nesta data nomeouse como representante desta comparsa para a participación no Festival de Comparsas do Gran Entroido Meco 2026 convocado polo concello de O Grove a Don/Dona _____ con NIF _____
 enderezo en _____ CP _____
 Localidade _____ Tfno. _____ Enderezo electrónico _____

2.- Que a persoa representante desta comparsa non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da administración pública.

3.- Que como representante desta comparsa se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria reguladora dos premios.

4.- Que segundo dispón o art. 11 da Lei xeral de subvencións, quen asinan abaixo asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

5.- Así mesmo, tódalas persoas que asinan abaixo **DECLARAN:**

- Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de O Grove.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da Administración pública.
- Autorizar expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de estar ao corrente das obrigas fiscais tributarias que resultan esixibles para o pago dos premios do Festival de Comparsas do Gran Entroido Meco 2026.

Nome e apelidos	NIF	Sinatura



O Grove, a _____ de _____ de 20____

Sinatura do representante



ANEXO B

ASOCIACIÓN LEGALMENTE CONSTITUÍDAS

NOME DA ASOCIACIÓN _____ **CIF** _____
Enderezo _____ **CP** _____
Localidade _____ **Comparsa** _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome e apelidos _____ **NIF** _____
Tfno. _____ **e-mail** _____
Relación coa entidade _____

DECLARA

- a. Que se atopa ao corrente nas súas obrigas co Concello de O Grove.
- b. Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c. Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da administración pública.
- d. Autoriza expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de estar ao corrente das obrigas fiscais tributarias que resultan esixibles para o pago dos premios do Festival de Comparsas do Gran Entroido Meco 2026.

O Grove , a _____ de _____ de 20____

Sinatura do representante

